

SUXESTIÓNS PARA A NORMALIZACIÓN DOS NOMES DE AUTORES NAS PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS **

Elaborado: Febreiro 2011.

Ultima actualización: maio 2014

Como citar este documento:

Suxestións para a normalización dos nomes de autores e institucións nas publicacións científicas [Internet].

Santiago de Compostela: Consellería de Sanidade; Servizo Galego de Saúde, 2011.

[Elaborado febreiro 2010; actualizada 28 de maio 2014]. Disponible en: <http://bibliosaude.sergas.es>

O estudio da produción científica dun autor oé fundamental para a valoración da súa capacidade investigadora . O análise desta produción científica elaborase a partir da firma científica (non da dirección de contacto) dos diferentes autores nos artigos.

Sen embargo a diversidade de formas nas que moitos investigadores introducen os os seus propios apelidos, conduce en moitas ocasións a perder información moi valiosa. En definitiva, a falta de normalización dos nomes dos investigadores nas publicacións científicas diminúe a visibilidade dos autores a nivel nacional e internacional, e dificulta a recuperación das publicacións e das citas por elas recibidas.

1.- CONCEPTO DE AUTORÍA

Considerase “autor” alguen que realiza contribucións intelectuais substantivas a un estudio publicado. No caso da autoría biomédica sempre ha tenido importantes implicacións académicas, sociais y económicas.

As revistas que distinguen entre autores e colaboradores.

Da cordo ós criterios establecidos polo CMJE , considerase autor á persoa que cumpre os seguintes criterios:

- 1) Aportacións importantes a idea e deseño do estudio, a recollida de datos, ou o análise e interpretación de datos;
- 2) Redacción do borrador do artigo o a revisión crítica do contido intelectual substancial,
- 3) Aprobación final da versión que vai publicarse.

Da cordo ós criterios establecidos polo ICMJE, todas as persoas consignadas como autores deben cumprir os criterios de autoría, e deben aparecer na lista de autores.

2.- Concepto de colaboradores

Todos os colaboradores que no cumpren os criterios de autoría, deberían aparecer na sección de Agradecementos.

**Exemplos: persoas que colaboran só dando axuda técnica, redacción do manuscrito, direccións de departamentos cuia participación sexa de carácter xeral.

3.- RECOMENDACIÓNS PARA A NORMALIZACIÓN DE AUTORES

Recoméndase asinar os traballos sempre do mesmo xeito, elixir unha forma de firma que identifique o máis claramente ao investigador e o distinga dos demais. O investigador novel ten a oportunidade de elixir un Nome Bibliográfico dende o comezo e debe mantelo ao longo da súa vida profesional. Suxírese utilizar unha das seguintes formas de firma:

1. Opción A. Para autores que desean firmar **cun só apelido**

Nome Apelido1 (Ex. Antonio Moracho)

* No caso de nomes compostos, é recomendable incluír o primeiro nome completo e a inicial do segundo, evitando que o segundo nome sexa interpretado como primeiro

Nome Inicial Apelido1 (Ex. Antonio M. Moracho)

** No caso de incluír o segundo nome abreviado recoméndase evitar os superíndices.

(Ex. Antonio M. Moracho no lugar de Antonio M^a Moracho)

*** A letra ñ debe manterse.

2. Opción B. Para autores que desexan firmar **con 2 apelidos**

Existe a posibilidade de que o autor desexe empregar dous apelidos. Co fin de adaptarse ás pautas anglosaxonas (nome e un só apelido), deben unirse por un guión.

Nome Apellido1-Apelido2 (Ex. Antonio Pérez-Plasencia) o

Nome1 Nome2 Apellido1-Apelido2 (Ex. Antonio M Pérez-Plasencia).

*Non se deben incluír partículas unindo distintos nomes

(Ex. María del Mar)

** No caso de apellidos con partículas, o autor pode mantelas, sempre unidas por un guión.

(Ex. Carlos García-de-la-Torre).